

CONTO DA DISLEXIA

XULIA

Xulia é unha nena que vivía nunha vila de Galicia. Cando estaba en Ed. Infantil, sabía moitas cousas de animais, de plantas, de cidades, de xoguetes , de todo... e todos os nenos querían estar con ela.

O malo era cando a profesora lle mandaba ler, xa que Xulia tiña moitas dificultades: confundía a o coa a, a u coa i, a b coa p... e pasaba moita vergoña cando lle mandaban ler en alto.

A mestra dicíalle que se fixara máis, pero ela dicía que lle bailaban as letras na cabeza. A súa nai levouna ao oculista, pero díxolle que non lle pasaba nada, que vía perfectamente.

Cando empezou a clase de 1º curso, Xulia, cada vez tiña máis problemas. Cando lía, empezaba a inventar palabras; cando escribía, comía letras, xuntaba palabras ou separábaas polo medio; e cando facía os números, poñíaos ao revés. Acordábase das explicacións na casa, pero non nos exames. Cada vez lle gustaba menos o colexio.

Foron pasando os anos e Xulia estivo cunha especialista que lle ensinou a ler e a escribir, pero xa estaba en quinto curso de Ed. Primaria: lía moi despacio e cometía moitas faltas de ortografía. A profesora e a súa familia estaban moi preocupados e decidiron que tiña que valorala un psicólogo.

Finalmente, Xulia resultou ter “**dislexia**”. Era unha nena moi lista, pero o seu cerebro aprendía doutra maneira. Iso que lle pasaba non era unha enfermidade, só precisaba un pouquiño de axuda no colexio. Aínda así, era unha nena brillante.

- E agora como vou facer? - preguntou a nena.

- Non pasa nada, Xulia, que xa falarei coa profesora e lle explicarei como imos traballar contigo. Adaptarante os exames (menos exercicios en cada folla e con letra máis grande, subliñar as palabras importantes de cada pregunta e poñer un exemplo feito en cada exercicio). Traballaredes a ortografía antes do exame con debuxos, leredes as lecturas na casa antes de facelo en voz alta, e se aínda así o necesitas, poderás facer os exames oralmente. – respondeulle o psicólogo.

Xulia púxose moi triste pensando que ían protestar os seus compañeiros, pero o psicólogo díxolle que todo o mundo ten algo que o fai especial, por exemplo levar gafas, pois había compañeiros e compañeiras que as levaban e, non por iso, eran peor que os demais. Seguro que os compañeiros axudaríana encantados.

A nai de Xulia, que era médico, preguntouse:

- E se a min tamén me pasa o mesmo? Cada vez que teño que dar unha conferencia no meu traballo, teño que pedirle a alguén me revise os escritos porque aínda teño moitas faltas de ortografía. O psicólogo fíxolle as probas e resultou que tamén era dislexica.

Xulia e a súa nai foron para a casa. Vivían co seu avó e o seu pai que estaba traballando.

Cando chegaron, o primeiro que fixo Xulia foi falar co avó, contándolle todo o que lle dixeran o psicólogo, e o avó preguntou:

- Que é iso da dislexia?

- Meu avó, parece ser que son unha nena moi lista, pero teño problemas coa lectura, coa escritura e coa memoria. Dixéronme que me ían axudar moito.- contestou Xulia.

Cando escoitou iso, o avó púxose a chorar moi forte.

- Por que choras avó? Non teño ningunha enfermidade e, ademais, o psicólogo díxo que podía facer moitas cousas porque son moi lista.

Pero el continuaba chorando. Xulia non sabía que facer. Comentoulle que súa nai tamén tiña dislexia e que non pasaba nada, que ben sabía que era médico e daba moitas conferencias.

Por fin o avó parou de chorar e dixo:

- Sabes que miña filliña? Todo o que me estás a contar tamén me pasou a min. Cando era pequeno non conseguía ler ben. Cando lía en alto, confundíame tanto que non sabían o que dicía e todos se poñían a rir. A profe tamén me rifaba pensando que me estaba burlando dela. No recreo todos me dicían que era un tonto, que era un burro e que nunca valería para nada.

Xulia deuse conta de que a vida do seu avó cando era pequeno, non fora nada doada, e deulle moita pena, pro el lle dixo:

- Non te preocupes, Xuliña, eu xa me din conta que non teño nada de tonto, pois aprendín a profesión de carpinteiro e todo o mundo di que son moi bo no meu traballo. Mira que mobles tan bonitos fago. – díxolle o avó sinalando todos o que había na casa.

Xulia estaba a piques de chorar, pois ninguén foi quen de saber o problema que tiña o seu avó. Non sabían o que era a dislexia.

Pero el agora estaba contento de saber que á súa neta non lle ía pasar nada diso. A nena comentoulle:

- Eu estou contenta na miña clase. Todos os meus compañeiros e compañeiras estanme axudando moito e a mestra tamén.

Así foi como Xulia continuou traballando moito e tendo moitos éxitos, grazas ás axudas recibidas.

A profesora informoulles que, un día do mes de outubro, celébrase o Día Internacional da Dislexia, para que os nenos e nenas, as familias e todo o profesorado de todo o mundo saiban tratar axeitadamente a estes nenos.